

THE RAPANTS

The Rapants pecha a xira estival de 'La máquina del buen rollo' con tres concertos de balde en Lugo, Santiago e O Grove

A banda actuará hoxe ás 20.30 horas na facultade luguesa de Veterinaria e mañá, xoves 26, á mesma hora, na praza de Mazarelos, en Compostela

O peche chegará no Grove o 4 de outubro, coa actuación dos muradáns na praza do Corgo, no marco da programación da Festa do Marisco

As vindeiras datas confirmadas son no 2025: o 22 de marzo no Coliseum da Coruña e o 26 de abril no pavillón da Magdalena de Avilés para abrir os concertos de La Raíz



Samuel, Matías, Xaquín e Xanma son The Rapants © Andrea Sánchez

Muros, 25 de setembro de 2024.- *La máquina del buen rollo* para, mais non pecha. The Rapants ofrecerán desde hoxe, mércores 25, e até o venres 4 de outubro, os seus últimos tres directos da xira estival. Logo de percorrer dúcias de salas e eventos musicais do país, que comezaron no mes de marzo cun dobre 'sold out' en cuestión de minutos na Sala Capitol, os muradáns achegaranse a Lugo, Santiago de Compostela e O Grove para activar o "saltón rapante" de balde.

THE RAPANTS

Así, The Rapants actuará **esta tarde, ás 20.30 horas** (apertura de portas ás 20.15 horas) no auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo, no marco da programación das xornadas de benvida que a Universidade de Santiago de Compostela ofrece ao seu alumnado. O acceso será de balde e libre ata completar a capacidade do espazo. Ao día seguinte, o **xoves 26, e á mesma hora (20.30h)**, fará o propio na praza compostelá de Mazarelos.

A última data do verán da xira de presentación de *La máquina del buen rollo*, o terceiro LP do grupo, chegará o **venres 4 de outubro**. A praza do Corgo, no Grove, acollerá -no marco da programación da Festa do Marisco- un concerto de balde dos rapantes. O acceso será libre e a organización do evento facilitará ao público os horarios nos vindeiros días.

Con estas tres últimas citas The Rapants pecha unha xira que levou aos muradáns a actuar nalgúns dos festivais máis coñecidos do país, como **Portamérica, Revenidas, Noroeste Estrella Galicia, Surfing The Lérez, Osa do Mar, Carrilanas, Ourensound ou SonRías Baixas**. Tamén formaron parte do cartel de eventos populares como a **Festa do Albariño** de Cambados ou a **Festa do Champiñón** de Ordes; e mesmo actuaron sobre as táboas de espazos míticos como o **Náutico** de San Vicente (O Grove) ou mesmo en **La Sala do WiZink Center** de Madrid, na que se coroaron o pasado abril como gañadores do certame *Último acorde x Johnnie Walker*.

As vindeiras actuacións confirmadas de The Rapants serán xa para o ano que vén. Os muradáns serán a banda de apertura dos concertos da nova **xira de La Raíz**, que regresa aos escenarios logo de seis anos de ausencia. Os rapantes abrirán os directos do grupo liderado por Pablo Sánchez nos concertos que estes ofrecerán o **22 marzo na Coruña (Coliseum)** e o **26 de abril en Avilés (pavillón da Magdalena)**. As entradas están á venda nas plataformas [Enterticket](https://www.enterticket.com) e [Ataquilla.com](https://www.ataquilla.com).

Máis información: www.therapants.es

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants

Lucía Pita | The Office Comunicación

675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es